



/: Sei dun niño de carrizo
no porreiro dar cebolas :/
/: vénte, carriciño, vénte,
vámor ve-las tascadoras. :/

/: Eu ben vin esta-lo cuco
sentado no arredor-e :/
/: coa' scopeta na man-he
aprendendo a cazador-e. :/

Vai, vai, que te lev'ò demo
vai, vai que te vai levar,
vai vai, que te lev'ò demo
á porta de túa nai.

/: O cregho cando vai fóra
deíxalle dito á criada :/
/: veña tarde, veña cedo
déitate na miña cama. :/

/: Arrimeim'òn pino verde
por ver si me consolaba :/
/: o pino como era verde
en ver de cantar lloraba (choraba). :/